



Bases do concurso Idea&Emprende

2015
II Edición

*“Se podes soñalo, podes facelo”
Walt Disney*

OBXECTO DAS BASES

O obxectivo do concurso é fomentar a decisión de emprender e proporcionar instrumentos para levar a cabo a idea de negocio. Premiarase á que, ao xuízo do xurado, sexa a mellor idea empresarial.

As bases e toda a información acerca do concurso serán publicadas nas páxinas web dos organizadores:

Índice

Obxecto das bases
Acceso ao concurso
Solicitud de participación
Prazos
Desenvolvemento do concurso
Criterios de valoración
Premios
Xurado do concurso
Propiedade intelectual
Aceptación das bases.
Protección de datos
Reserva de dereitos da organización

Organizadores

ASOCIACIÓN JOVENES EMPRESARIOS
(www.aje.pontevedra.com)

CIFP A XUNQUEIRA
(www.edu.xunta.es/centros/cifpxunqueira)

CIFP CARLOS OROZA
(www.edu.xunta.es/centros/cifpcarlosoroza)

IES LUÍS SEOANE
(www.edu.xunta.es/centros/iesluisseoane)



Bases do concurso Idea&Emprende

2) ACCESO AO CONCURSO

REQUISITOS:

- Alomenos un/unha dos/das emprendedores/as, de ser varios, deberá estar matriculado/a en ensinanzas de FP, grao medio ou superior, no presente curso académico 2014-2015, en Centros de FP do Concello de Pontevedra, ou ben, ter acadado o título nos dous últimos anos.
- Alomenos un dos participantes terá menos de **41 anos** no momento da inscrición.
- O proxecto será unha idea orixinal e de autoría demostrable, tendo os concursantes que asinar unha declaración neste sentido. Non se excluírá ningún proxecto polo feito de ter participado anteriormente noutros concursos.

3) SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Para participar hai que presentar o proxecto cubrindo obrigatoriamente os datos que se piden no **RESUMO EXECUTIVO** proporcionado pola organización do concurso, ocupando cunha extensión máxima de 10 folios, aínda que se poderán presentar todos os anexos que se desexen.

Ademais poderase xuntar un **vídeo explicativo** do proxecto que se inclúe nos criterios de avaliación e o Plan de Empresa en formato libre.

Os/as participantes contarán co apoio do viveiro do CIFP A Xunqueira, do CIFP Carlos Oroza e do viveiro do IES Luís Seoane para cubrir a solicitude.

A solicitude presentarse no CIFP A XUNQUEIRA, directamente na Secretaría, dándolle rexistro de entrada. A presentación será nun sobre pechado co título “Concurso Idea&Emprende” e una instancia de solicitude.



Bases do concurso Idea&Emprende

4) PRAZOS

O **prazo para presentar os proxectos** abranguerá dende o 20 de Abril **ata o 30 de Maio** de 2015 inclusive.

A presentación dos proxectos ante o xurado realizarase a principios de Xuño, comunicándose a data exacta a cada participante a través dos correos electrónicos facilitados.

A entrega de premios terá lugar o a finais do mes de Xuño. O lugar, día e hora de entrega poderá consultarse nas páxinas web dos organizadores, incluídas na páxina 1 destas bases.

5) DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

A presentación realizarase de forma pública ante o xurado.

Para a exposición e defensa poderán valerse de material multimedia se o desexan.

Cada proxecto será defendido ante o xurado por un máximo de 3 persoas.

O tempo máximo da presentación será de 20 minutos.

Ao finalizar a exposición poderase abrir una fase de debate.

6) CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios a aplicar serán os seguintes:

1. Innovación: 30 puntos
2. Viabilidade: 30 puntos
3. Presentación en vídeo do proxecto: 10 puntos
4. Exposición e defensa: 30 puntos.



Bases do concurso Idea&Emprende

7) PREMIOS

1º PREMIO:

- Diploma
- 800 euros en metálico.

2º PREMIO:

- Diploma
- 400 euros en metálico.

Os premios poden quedar desertos.

Tódolos participantes recibirán un diploma acreditativo da súa participación que será entregado o día da entrega de premios.

8) XURADO DO CONCURSO

O xurado do concurso estará formado por representantes nomeados polas entidades organizadoras do concurso “Idea&Emprende”

Calquera deliberación do xurado será secreta e en ningunha circunstancia se entregará motivación algunha da súa decisión.

Os proxectos premiados serán os que obteñan maior puntuación conforme aos criterios de valoración establecidos.

9) PROPIEDAD INTELECTUAL

Os dereitos dos contidos presentados ao concurso pertencen ao seu autor/a, e non aos organizadores. Os proxectos presentados non serán publicados en ningún caso, salvo que se autorice a súa difusión.

En todo caso aceptárase que a información facilitada nos documentos de inscrición sexa analizada polo xurado ao obxecto de cualificar a candidatura.



Bases do concurso Idea&Emprende

10) ACEPTACIÓN DAS BASES.

Todos/as os/as participantes, pola mera participación no concurso, declaran coñecer e aceptar integramente as presentes bases. Todos/as os/as participantes renuncian de forma expresa a efectuar impugnación algunha sobre os termos contemplados nestas bases.

Calquera situación non resolta nestas bases será formulada directamente aos organizadores do concurso, quen ditaminará a solución á incidencia formulada, que en todo momento será vinculante e que será comunicada por escrito ao/á participante afectado/a.

Todas as consultas se realizarán directamente nos Centros organizadores .

11) PROTECCIÓN DE DATOS

Aos efectos do previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro de Protección de Datos de carácter persoal, e a súa normativa de desenvolvemento, a organización informa aos/ás participantes da existencia dun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal da súa titularidade e debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, coa finalidade de poder xestionar o concurso e a entrega do premio ao gañador/a.

O/a participante poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, dirixindo unha comunicación por escrito e xuntando copia do seu D.N.I. polas dúas caras dirixidas á organización na seguinte dirección: CIFP A XUNQUEIRA, C/ Rafael Areses, s/n, 36155 Pontevedra.

12) RESERVA DE DEREITOS DA ORGANIZACIÓN

No caso de erro, malentendido ou conflito en relación co funcionamento de calquera parte do concurso, a decisión que tome a Organización, será concluínte e definitiva.

No caso de que o desenvolvemento desta actividade, se vexa afectado por situacións de caso fortuíto ou forza maior e non poida levarse a cabo, a Organización poderá cancelar todo ou calquera parte do concurso sen que o/as participantes poidan facer reclamación algunha por iso.

A Organización resérvase o dereito a modificar estas bases en calquera momento.